




**Datos Do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion Economica - MCLS		
Número expediente:	Documento:	
 ECO/30/2022	 ECO16I0AB	
4R1T404R3B111C5D0SZ9		
		

CONVENIO COA ASOCIACIÓN TERRARENDIBLE EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Capítulo 1. Identificación dos subscriptores do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte: Dona Marian Ferreiro Díaz, con DNI: 32.662.709-H, na súa condición de alcaldesa-presidenta do Concello de Narón, con CIF: P-1505500-G, con enderezo a efectos de notificacións, na Praza de Galicia, s/n, 15570, Narón.

Doutra parte: Don Francisco Javier Castro García, con DNI: 32.650.136-A, na súa condición de presidente en funcións da Asociación TerraRendible, con CIF G-70387360, con enderezo a efectos de notificacións no Local Social de O Val, no Lugar de Vilacornelle s/n, 15541, Narón.

Ámbalas dúas partes o fan por razón dos cargos que ostentan e se recoñecen capacidade bastante para formalizar o presente convenio.

Capítulo 2.- Fundamento do Convenio

Fixar o compromiso formal do Concello de Narón coa devandita asociación para a realización de actuacións de interese xeral para a comunidade no ámbito agroforestal, encamiñadas a fomentar o interese dos veciños polo aproveitamento sustentable dos montes e terreos baldíos.

Capítulo 3.- Obxecto

Os obxectivos desta colaboración son:

- Proporcionar asesoramento técnico en materia forestal e agrícola ao Concello e aos propietarios co gallo de aumentar a rendibilidade económica e potenciar sustentabilidade medioambiental das propiedades de xeito colectivo.



- Reducción dos custos das xestións dos montes
- Crear bases de datos e cartografías das parcelas dos propietarios
- Acadar unha mellora das estruturas na loita contra os incendios
- Colaborar co Concello para a recuperación das vías forestais, camiños abandonados, etc..
- Promocionar o emprego rural
- Sensibilizar á poboación do Concello para concienciar e loitar polo desenvolvemento rural
- Cooperar en todo o referido ao aproveitamento sustentable de montes e terras baldías
- Colaborar co Concello na ordenación e Planificación forestal
- Divulgar e difundir o proxectos con presentacións institucionais e outras accións de publicidade e difusión

Capítulo 4.- Descrición do Convenio

A Asociación Agroforestal TerraRendible, é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son agrupar a propietarios de terras e montes, desenvolver actividades que favorezan a xestión sostible dos terreos agrícolas e dos montes, favorecer a formación e o asesoramento dos propietarios e propietarias do rural.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

- A achega económica reflectida no capítulo 6.
- Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo en todo o relacionado co contido do convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

- Infraestruturas necesaria para o desenvolvemento do proxecto, nos períodos que abrangue o convenio.
- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.
- Achega dos materiais que fosen precisos.
- Organización, xestión e execución do proxecto conveniado.

Capítulo 5.- Obrigas

Son obrigas da Asociación TerraRendible:



1º.- Acreditar **antes da aprobación do convenio** de colaboración a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do proxecto ou proxectos a desenvolver, incluído un orzamento estimativo de gastos e ingresos:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.

- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.

- Número de beneficiarios desagregados por sexo.

- Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.

- Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.

- Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

- Declaración responsable de estar legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados (Anexo A1)

- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calesqueira outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).

- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).

- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e da Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11,12 e 13)

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización



- Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).
- Modelo T-TES-01, do Concello de Narón, de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fose modificados, ou documento municipal que o substitúa.
- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias (Anexo A6).

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a **xustificación do convenio, ata o día 09/12/2022**, segundo o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón:

- Pequena memoria das accións desenvolvidas. A memoria de actividades deberá contemplar a estrutura descrita no Anexo A7.
- Certificación expedida polo/a Secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto do convenio.
- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago(Anexo A9).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axitadamente ditas continxencias(Anexo A6).
- Publicitar en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:
 - No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do



escudo do concello e a lenda “Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2022” segundo o modelo do Anexo 10

- No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo 10

- A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa e enlace web onde estea inserida a publicidade

- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11, 12 e 13)

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización

- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calesqueira outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).

- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).

- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no at. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).

- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).

- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).

Atendendo ao artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as declaracións responsables correspondentes aos anexos A3, A4 e A5 non será necesario presentalas na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foron achegas no seu momento para a firma do convenio, e o



mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o periodo de tempo inherente ao recoñecemento ou exercizo deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

4º.- Outras obrigas

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos. **O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.**

Capítulo 6.- Compromiso económico, obrigas e sistema de abono

O Concello de Narón asume en concepto de contribución municipal a cantidade de 12.000,00 euros (doce mil euros)

Terá a consideración de subvención nominativa e como tal aparece recollida nos orzamentos desta entidade para o presente exercicio con cargo á aplicación orzamentaria 4330 48000

O pagamento realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación do convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o **1 de xaneiro de 2022 ao 30 de novembro de 2022**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), material para as actividades, os seguros necesarios para a cobertura da



realización das actividades, gastos de xestión, comunicacións, publicidade, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.

A efectos do disposto no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e no artigo 75 do R.D.887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, **para a xustificación deste convenio presentarse unha conta xustificativa simplificada.**

Capítulo 7.- Vixencia, revisión e resolución

Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende o 01/01/2022 ata o 30/11/2022 referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia contidas no texto do documento.

Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

Resolución. Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

Capítulo 8- Avaliación, seguimento e interpretación:

O seguimento e avaliación das actividades deste convenio efectuarase por unha comisión composta por:

Estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:



- O/a concelleiro/a de Promoción Económica
- A Técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación
- O/a presidente/a da Asociación TerraRendible

De persistir incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía

Capítulo 9.- Réxime de compatibilidades:

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente doutra área ou doutra concellería do Concello de Narón.

Capítulo 10.- Natureza xurídica:

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local
- R.D.L 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro que aproba o regulamento da Lei 9/2007
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.



CONCELLO DE NARÓN

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do conveniado.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón; e nas Bases de execución do orzamento do exercicio 2022.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, por duplicado e a un só efecto, en Narón, na data de sinatura do documento

A Alcaldesa

O presidente en funcións da Asociación
TerraRendible

Marian Ferreiro Díaz

Francisco Javier Castro García



ANEXO A1

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade que represento está legalmente constituída.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

....., a ____ de de 2. ____

Asdo.: _____



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A2

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
..... con CIF:
..... e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que a entidade NON SOLICITOU outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.
- Que a entidade SOLICITOU outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

ENTIDADE	IMPORTE	ESTADO (1)

- Que para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade realiza a seguinte achega

DESCRICIÓN	IMPORTE

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

....., a ____ de de 2.

Asdo.:

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



ANEXO A3

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade nin o declarante están incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

....., a ____ de de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A4

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A5

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que o local da entidade que represento no que se desenvolven as actividades obxecto de subvención/convenio CUMPRE coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A6

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención /convenio **ESTÁN CUBERTOS** por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas contingencias, que dispoño da documentación que así o acredita e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o exercicio das actividades.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se comprometo a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A7

Memoria de actividades

Deberase cubrir unha memoria por actividade subvencionada/conveniada

1. Datos da actividade

Denominación

--

Descrición

--

2. Fundamentación

2.1. Fundamentación legal da actividade

--

2.2. Fundamentación institucional da actividade

--

2.3. Fundamentación técnica da actividade

--

3. Obxectivos

3.1. Obxectivo xeral

--



--

3.2. Obxectivos específicos

4. Indicadores de avaliación (se procede)

5. Calendario de realización

--

6. Lugar de execución

--

7. Destinatarios/as

--

8. Metodoloxía/organización da actividade

--

9. Recursos humanos

Nome, apelidos e DNI da persoa ou persoas que desenvolve a actividade	Custe inicial	Custe final



CONCELLO DE NARÓN

Total custe dos recursos humanos		
----------------------------------	--	--

10. Recursos materiais	Custe inicial	Custe final
Nome instalación:		
Materiais:		
Equipamentos:		
Subcontratación da actividade (nome da empresa):		
Total custe recursos materiais		

11. Resumo de custes	Custe inicial	Custe final
Total recursos humanos		
Total recursos materiais		
Total recursos humanos + materiais		

12. Resultados

13. Proba documental da publicidade efectuada sobre o cofinanciamento da actividade
<input type="checkbox"/> Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
<input type="checkbox"/> Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
<input type="checkbox"/> Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)
<input type="checkbox"/> Outra publicidade efectuada (indicar cal)

14. Observacións ou comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A8

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.
- Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

Relación de axudas.

AREA	IMPORTE	ESTADO (1)

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

....., a ____ de de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A9

Relación clasificada dos gastos e inversión da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:
Ano:
Actividade conveniada

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total fra.	Importe da fra. destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ¹
1				€	€	€			
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
Total gasto xustificado						€	€		

¹Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque

ANEXO A10



ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 2_____



ANEXO 11

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA SEGURIDADE SOCIAL DE ESTAR O CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS CON ESTA ENTIDADE (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Tesoureria xeral da Seguridade social, os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas coa seguridade social**, para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano ----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 11 da LOPD , previa autorización do interesado, a cesión dos datos de que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE: REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**



ANEXO 12

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SINATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SINATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.



ANEXO 13

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DE ESTAR AO CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.